

MEMORIA 2020

Terminado o exercicio 2020 preséntase a Memoria do Tribunal Económico-Administrativo do Concello de Ourense na que se pretende ofrecer unha síntese do traballo desenvolvido por este órgano obrigatorio, caracterizado pola súa independencia técnica, profesionalidade e gratuidade, que contribúe a garantir a legalidade das actuacións tributarias e de recadación municipal e a seguridade xurídica dos seus contribuíntes.

CADRO I.

RESUMO GLOBAL DO 2020

| | |
|--------------------------------------|------------|
| RECLAMACIÓNS REXISTRADAS | 134 |
| RECLAMACIÓNS RESOLTAS | 199 |
| DITAMES | 2 |
| RECLAMACIÓNS PTES. RESOLUCIÓN | 90 |

- Os ditames emitíronse sobre o proxecto de modificación da ordenanza fiscal Nº 15 reguladora da TAXA polo aproveitamento especial ou utilización privativa do dominio público local en relación co epígrafe d) do artigo 6.6), **tarifas correspondentes á ocupación da vía pública con mesas, cadeiras e tribunus**.
- As reclamacións resoltas que se reflicten no no cadro I, inclúen as tramitadas ata o mes de decembro de 2020, e correspóndense coas presentadas nos exercicios 2019 e 2020 de acordo co seguinte detalle:

| 2019 | 2020 | TOTAL RESOLTAS |
|-------------|-------------|-----------------------|
| 155 | 44 | 199 |

A pesares das circunstancias extraordinarias deste pasado 2020, do estado de alarma e do confinamento domiciliario, o Tribunal non deixou de cumprir coa súa obriga de atender as reclamacións dos contribuíntes, na procura de acortar prazos de resposta ás pretensións dos particulares.

2.- PARÁMETROS: NÚMERO DE RECLAMACIONES (INGRESADAS, RESOLTAS, PENDENTES).

| | 2017 | 2018 | 2019 | 2020 |
|--------------------|-------------|-------------|-------------|-------------|
| Pendientes a 01/01 | 86 | 45 | 200 | 155 |
| Presentadas no ano | 79 | 179 | 169 | 134 |
| Totais anuais | 165 | 224 | 369 | 289 |
| Resoltas no ano | 120 | 24 | 214 | 199 |
| Pendientes a 31/12 | 45 | 200 | 155 | 90 |



Como se pode apreciar, o volume de reclamacións dispárase dende o ano 2018 e a razón non é outra que a Sentenza do Tribunal Constitucional de 11-5-2017 que declaraba a inconstitucionalidade condicionada de determinados preceptos do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais relativos ao Imposto sobre o Incremento de Valor dos Terreos de Natureza Urbana (en diante IIVTNU).

A diverxencia na interpretación da xurisprudencia constitucional derivada do grado de incertidume a que deu lugar seu contido e a falta da esperada modificación legal, provocou ademais a interposición de numerosos recursos de casación ante o Tribunal Supremo que ven establecendo criterios que esclarezcan a súa aplicación. Así, a Sentenza do Tribunal Supremo de 9 de xullo de 2018 e outras similares propician unha aplicación cuidadosa por parte do TEAM dos principios probatorios en relación á inexistencia de incremento de valor dos terreos, proba que en sede contenciosa adoita ser ampliada polo suxeito pasivo levando a estimación do recurso en sede xurisdiccional cando fóra desestimada en vía económico-administrativa precisamente pola falta de indicios ou por ser éstos insuficientes.

Tamén son cada vez mais frecuentes as solicitudes de suspensión con ocasión da interposición de reclamacións económico administrativas, solicitudes que se veñen atendendo como peza separada no prazo máis breve posible para evitar equívocos, moi arraigados na cultura popular como que a interposición do recurso suspende a súa execución. Na meirande parte, analizadas as solicitudes de suspensión sen aportación de garantías pódese comprobar, non só a falta de acreditación dos indicios dos perxuízos de imposible ou difícil reparación que a execución do acto impugnado poidera ocasionar ao interesado ou o erro material da liquidación, senon que efectúan unha simple alegación dos mesmos co resultado obvio da inadmisión a trámite desas solicitudes de suspensión sin garantías.

3.- INDICADORES DO VOLUME DE TRABALLO E CAPACIDADE DE RESOLUCIÓN DO TEAM. (*)

TAXA DE RESOLUCIÓN: $\frac{\text{Resoltas anuais (X 100)}}{\text{Ingresadas anuais}}$

Indica a porcentaxe en que se resolven as reclamacións anualmente en relación ao número das presentadas no mesmo ano. (Si se resolven todas, a taxa sería do 100%. O resultado >100 indica que se resolven mais das que ingresan).

TAXA DE EFICACIA: $\frac{\text{Resoltas anuais (X100)}}{\text{Totais anuais}}$

Indica a porcentaxe en que se resolven as reclamacións anualmente en relación ao total das xestionadas no mesmo ano. (O máximo de eficacia equivalería ao 100%, dado que en tal caso resolvéronse todas as pendentes mais as ingresadas. A medida que a porcentaxe descenda de 100 o resultado supón unha taxa inferior).

TAXA DE PENDENCIA: $\frac{\text{Pendentes a 31 de decembro}}{\text{Resoltas anuais}}$

Mide os anos necesarios para resolver as reclamacións pendentes ao final do ano.

VELOCIDADE DE RESOLUCIÓN: $\frac{\text{Totais anuais}}{\text{Resoltas anuais}}$

Mide en anos o prazo medio que se empregaría para resolver o total de reclamacións do ano.



(*) Definición dos indicadores segundo a metodoloxía exposta por Eva Andrés Aucejo no seu traballo "Análise Estatístico da litixiosidade dos Tribunais Económico Administrativos Rexionais e Central". Doc. Nº 25/04. Instituto de Estudos Fiscais

| | TAXA DE RESOLUCIÓN % | TAXA DE EFICACIA % | TAXA DE PENDENCIA | VELOCIDADE DE RESOLUCIÓN |
|------|----------------------|--------------------|-------------------|--------------------------|
| 2014 | 128,7 | 54,4 | 0,83 | 1,83 |
| 2015 | 142,3 | 60,9 | 0,66 | 1,64 |
| 2016 | 108 | 57,4 | 0,76 | 1,74 |
| 2017 | 151,8 | 72,7 | 0,37 | 1,37 |
| 2018 | 13,4 | 10,7 | 8,33 | 9,33 |
| 2019 | 126,62 | 57,99 | 0,72 | 1,72 |
| 2020 | 148,5 | 68,85 | 0,45 | 1,45 |

4.- DISTRIBUCIÓN DE RECLAMACIONES POR OBJETO DE IMPUGNACIÓN.

Practicamente estiveron igualadas as porcentaxes de impugnación de actos en voluntaria e de constrinximento, salvo a partires do 2017 no que se reflicte un cambio de tendencia, ata chegar a ser protagonistas as reclamacións contra actos en voluntaria (motivado polas impugnacións das autoliquidacións de plusvalía e as liquidacións por Imposto sobre Bens Inmóbles (IBI en diante) consecuencia do procedemento de regularización catastral).

| | 2014 | | 2015 | | 2016 | | 2017 | | 2018 | | 2019 | | 2020 | |
|----------------------------|------|------|------|------|------|-------|------|-------|------|-------|------|-------|------|-------|
| | nº | % | nº | % | nº | % | nº | % | nº | % | nº | % | nº | % |
| contra actos en voluntaria | 65 | 49,3 | 44 | 42,3 | 49 | 47,12 | 40 | 50,63 | 125 | 69,83 | 104 | 61,53 | 91 | 67,91 |
| contra actos en apremio | 67 | 50,7 | 60 | 57,6 | 55 | 52,88 | 39 | 49,37 | 54 | 30,16 | 65 | 38,46 | 43 | 32,08 |

5.- RESULTADO DAS RECLAMACIONES POR CAUSA DE TERMINACIÓN.

| | Nº REAS resoltas | Estimadas | | Desestimadas | | Inadmitidas | | Arquivadas | |
|------|------------------|-----------|-------|--------------|-------|-------------|-------|------------|------|
| | | Nº REAS | % | Nº REAS | % | Nº REAS | % | Nº REAS | % |
| 2014 | 170 | 26 | 15,29 | 119 | 70 | 18 | 10,59 | 7 | 4,12 |
| 2015 | 143 | 44 | 29,73 | 88 | 59,46 | 13 | 8,78 | 3 | 2,03 |
| 2016 | 113 | 17 | 15,04 | 75 | 66,37 | 14 | 12,39 | 7 | 6,19 |
| 2017 | 120 | 36 | 30 | 60 | 50 | 17 | 14,17 | 7 | 5,83 |
| 2018 | 24 | 6 | 25 | 7 | 29,17 | 2 | 8,33 | 9 | 37,5 |
| 2019 | 214 | 41 | 19,15 | 138 | 64,48 | 26 | 12,14 | 9 | 4,2 |
| 2020 | 199 | 44 | 22,11 | 130 | 65,32 | 18 | 9,04 | 7 | 3,51 |



6.- DISTRIBUCIÓN DE RECLAMACIONES POR MATERIAS

Presentadas no 2018 (algunha reclamación afecta a máis dun imposto)

| | TOTAL RECLAMACIONES | % |
|-----------------------|---------------------|------|
| IBI | 35 | 19,2 |
| IVTM | 7 | 3,8 |
| IIVTNU | 96 | 52,7 |
| IAE | 10 | 5,4 |
| ICIO | 1 | 0,5 |
| TAXAS | 4 | 2,1 |
| SANCIÓNES TRIBUTARIAS | 3 | 1,6 |
| SANCIÓNES TRÁFICO | 24 | 13,1 |
| OUTROS | 2 | 1 |

Presentadas no 2019 (algunha reclamación afecta a máis dun imposto)

| | TOTAL RECLAMACIONES | % |
|-----------------------|---------------------|------|
| IBI | 37 | 22,2 |
| IVTM | 11 | 6,6 |
| IIVTNU | 84 | 49,7 |
| IAE | 6 | 3,6 |
| ICIO | 1 | 0,6 |
| TAXAS | 8 | 4,8 |
| SANCIÓNES TRIBUTARIAS | 3 | 1,8 |
| SANCIÓNES TRÁFICO | 14 | 8,4 |
| OUTROS | 5 | 3 |

Presentadas no 2020 (algunha reclamación afecta a máis dun imposto)

| | TOTAL RECLAMACIONES | % |
|-----------------------|---------------------|-------|
| IBI | 37 | 27,61 |
| IVTM | 6 | 4,47 |
| IIVTNU | 64 | 47,76 |
| IAE | 7 | 5,22 |
| ICIO | 1 | 0,74 |
| TAXAS | 8 | 5,97 |
| SANCIÓNES TRIBUTARIAS | 0 | 0 |
| SANCIÓNES TRÁFICO | 13 | 9,7 |
| OUTROS | 0 | 0 |

Como pode apreciarse, o IIVTNU é o concepto tributario de maior litixiosidade con diferenza, dende o ano 2018, tanto na vía administrativa ante o Órgano de Xestión Tributaria e económico-administrativa ante este Tribunal, coma na posterior xurisdicción contencioso-administrativa.



Convén destacar a evolución das porcentaxes de reclamacións motivados pola plusvalía:

| | 2014 | 2015 | 2016 | 2017 | 2018 | 2019 | 2020 |
|-----------------|------|------|------|-------|------|------|-------|
| % sobre o total | 12 | 13,2 | 15,6 | 20,25 | 52,7 | 49,7 | 47,76 |

No que respecta ao Imposto sobre Actividades Económicas, experimentaron un leve repunte as reclamacións no ano 2018 ao fío dos expedientes de Inspección tributaria tramitados en anos anteriores sendo a orixe do 100% das reclamacións por sancións tributarias dese exercicio e do seguinte.

Matense constante a litixiosidade no Imposto sobre Bens Inmóveis, cuia causa en máis da metade dos casos, ven motivada polos procedementos de regularización catastral levados a cabo nestes anos pola Xerencia do Catastro.

6.- ACORDOS DO TEAM RECURRIDOS ANTE O CONTENCIOSO-ADMINISTRATIVO E RESULTADO DESTOS RECURSOS.

| | 2017 | 2018 | 2019 | 2020 |
|--------------------------|------|------|------|------|
| Contenciosos presentados | 4 | 26 | 38 | 6* |

O repunte da conflictividade en vía administrativa e económico-administrativa sobre o IIVTNU prodúcese no 2017 e lóxicamente trasladouse a súa vertiente xudicial nos exercicios seguintes. Dende entón a conflictividade sobre o IIVTNU non parou de crecer exponencialmente, tanto nesta vía de revisión coma no ámbito xudicial.

* Aínda a día de hoxe se poden recibir demandas dado o retraso que sofren os xulgados.

Sendo o obxecto da controversia a plusvalía os seguintes:

| | IIVTNU | % |
|------|--------|-------|
| 2017 | 2 | 50 |
| 2018 | 19 | 73 |
| 2019 | 26 | 68,42 |
| 2020 | 6 | 100 |

RESULTADO DAS SENTENZAS DITADAS EN RECURSOS CONTENCIOSO-ADMINISTRATIVOS CONTRA ACORDOS DO TEAM :

| | Estimatorias | Desestimatorias | Outros pronunciamentos | Pendientes |
|------|--------------|-----------------|------------------------|------------|
| 2017 | 2 | 1 | 1 | 0 |
| 2018 | 7 | 8 | 1 | 10 |
| 2019 | 3 | 1 | 1 | 33 |
| 2020 | --- | ---- | 1 | 5 |

As Sentenzas firmes desfavorables a este Concello en concepto de IIVTNU o foron por falta de proba algunha fronte a aportada pola parte actora, xeralmente Informes Técnico periciais. Así os



Xulgados do Contencioso desta cidade manteñen a postura de que estes informes técnico periciais, tanto o aportado polo contribuínte como o que puidera aportar a propia Administración sí cumprirían a función de proba plena, non só indiciaria senon idónea para acreditar ou non a realización do feito imponible.

O principal obxectivo deste órgano, logo do parón na súa actividade no ano 2018 é o de reducir os prazos de resolución, xa que a vía económico administrativa foi implantada como garantía de independencia fronte ao cidadan e para evitar a excesiva litixiosidade actuando como filtro previo e alternativa á vía xudicial, pero ademais, este Tribunal debe insistir no obxectivo de defender a legalidade tributaria da forma máis comprensible para os cidadans nun ámbito de especial complexidade técnica coma é o tributario, moitas veces reconducindo os escritos presentados e extendendo as facultades revisoras a aspectos do expediente distintos dos mencionados polos interesados.

Con esa mesma intención de facilitar e simplificar a relación dos cidadáns con este órgano se revisaron e puxeron a disposición na páxina web municipal distintos modelos accesibles para o público en xeral.

Ourense, 2 de febreiro de 2021.
O PRESIDENTE DO TRIBUNAL

LUIS MARÍA BERMÚDEZ DE LA PUENTE VILLALBA

